Onstopus

http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm

Xornal: anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

Nº134/ Ano: 2026 / 1º xornal Mes de outubro/ Estado de Festa do Marisco

Para comunicar con Onstopus: tinopardellas1957@gmail.com / celestinopardellas@gmail.com



Importante, conservar e protexer o patrimonio etnográfico de Ons. Que pasou co lavadoiro pequeno da Entenza? **Páx. 1**

Historias de P.M.O. Un misterioso libro que fala de Ons. **Páx. 2**



Este ano quitaron as boias en Pragueira no mes de setembro. **Páx. 2**



Curiosidades en Ons e Portonovo na fin de tempada de verán 2026. **Páx. 3**



Grupo Ibérico de Anelamento, unha oportunidade perdida para unha Xornada Didáctica en Ons. **Páx. 4**





Os camiños de Ons (I) e as Rodeiras en Ons (I) Unha necesidade. **Páx. 5**



Nova Residencia FicBueu en Ons este outono 2026. Entre os guións, haberá un dedicado a Ons? Foto de 2024 **Páx. 4**



Nova Ardentía
O último número desta revista fai unha pequena homenaxe a ***AUNIOS*** que, neste 2027, deixará de editarse. **Páx. 6**



Coa actuación de @deViño e coa Xornada Festivo-Gastronómica do Restaurante "Pescador" de Portonovo, damos por finalizado a tempada de verán 2026. **Páxs 7 e 8.**

ONS ETNOGRÁFICA. Patrimonio Material. Estudo e Conservación

Ons forma parte do único Parque Nacional galego. Todas as illas que conforman este Parque, teñen unha importancia natural innegable pero, á vez, absolutamente todas, teñen un Patrimonio Histórico, Etnográfico, Social,..., tan ou máis valioso que o Natural (Non me cansarei de repetilo).

É obriga dos xestores do Parque, ao igual que o Natural, estudialo, inventarialo, difundilo, conservalo,..., e ***protexelo***.

Os xestores do Parque, dirannos que, no 2009, xa patrocinaron un estudo e se fixo un inventario dos bens culturais, polo menos de **Ons**. Si, é certo, realizado pola arqueóloga Paula Ballesteros e o seu equipo, pero, deberon pensar, que con iso xa estaba todo arranxado. Pois non, se despois de ***catalogalos*** non se fan estudos máis exhaustivos sobre eles, non os coidamos, nos os damos a coñecer,..., e, sobre todo, non os ***protexemos***, de que vale?

Quen son os xestores do Parque Nacional das Illas Atlánticas?

Os ***xestores***, son os responsables directos de todo o que pase nas illas que pertencen ao Parque, por iso, cando fale ou escriba dos ***xestores do Parque***, refírome a, por orde de responsabilidade: Presidente da Xunta de Galicia, Conselleira de Medio Ambiente, Directora Xeral de Patrimonio Natural, Director do Parque, Subdirectora do Parque, Presidenta do Padroado do Parque e, por conseguinte, todos os funcionarios, interinos e contratados que traballan para o Parque. E non podemos esquecernos doutro responsable directo, con respecto a **Ons**, como é O Grupo de Goberno do Concello de Bueu, concello ao que pertence.

Todos eles, no seu grao de titoría segundo o seu cargo e traballo, teñen a responsabilidade de que todo vaia ben nas illas do Parque, se traballe polo seu benestar, haxa transparencia, se informe de calquera incidencia, buscar o xeito de arranxar aquilo que necesite reparación,..., e, se é o caso dunha illa habitada, como **Ons**, que haxa moito **DIÁLOGO**, cos veciños para buscar solucións e alternativas a calquera temática ou problemática onde vaian a estar afectados.

LAVADOIRO PEQUENO DA ENTENZA





Ons. ***Lavadoiro pequeno da Entenza. Como se atopaba a principios de outono (2025). Catalogado polo concello de Bueu no Proxecto "Memoria da auga".***

VARIOS TEMAS AOS QUE HAI QUE BUSCAR SOLUCIÓN

Capela de Canexol: Máis dun ano prometido o seu arranxo.
Piornos: Algúns nun estado de deterioro grave.
Lavadoiros: Estudar o seu uso, estado e alternativas.
Antigo Muiño de auga: Sen poñer en valor os seus restos.
Restos do Castelo da Rueda: Posible restauración coas pedras caídas.
Miradoiro de Fedorentos e Buraco do Inferno: Revisar perímetros.
Edificacións anexas (alboios, alpendres, casetas, cortes, ...): Permitir arranxo buscando alternativas.
Cercados e peches de fincas: Evitar a súa destrución.
Petróglifos: Facer un estudo máis técnico sobre eles.
Paneis informativos: Buscar materiais máis adecuados para evitar o seu deterioro anual. Retirada invernal.
Castro dos Mouros e Salga de Canexol: Que continúen os traballos de escavación, posta en valor, preservar e musealizar.
Faro de Ons: Chegar a un acordo Autoridade Portuaria de Marín e o Parque para convertelo nun Centro Cultural.

´´´



Ons. ***Lavadoiro pequeno da Entenza.*** Esquerda ***como estaba en marzo 2026 e*** dereita***, a súa desaparición total en setembro 2026.***

DESTRUCIÓN DO LAVADOIRO PEQUENO DA ENTENZA

Era o 18 de setembro 2026 e salta a noticia (Faro de Vigo https://www.farodevigo.es/o-morrazo/2026/09/18/alertan-demolicion-lavadero-ons-parques-134441453.html). Uns veciños que se achegaron ata o lugar da Entenza (Ons) no que se atopa un dos embalses de auga que abastece ao Curro e onde hai catalogados dous lavadoiros, o máis pequeno datado de 1960 e construído pola Obra Social nos tempos do franquismo, desaparecera ou quedou convertido en escombros. Formaba parte do Catálogo de Elementos Patrimoniais que fixera o Concello de Bueu e debería ser un elemento etnográfico a conservar.


Quizais a súa estrutura e materiais de construción, non o facía como un monumento histórico arquitectónico, pero si formaba parte da historia e da etnografía da Illa de Ons. Penso que a súa reconstrución non sería difícil, si realmente unha árbore lle caeu enriba, pero parece que a decisión tomada foi demoler o que quedaba. Como comentaba antes, aquí ten que haber un responsable de tal decisión. Entre os xestores do Parque, alguén o veu, supoño faría un informe coas fotos pertinentes, sería enviado a un superior, informarían a Patrimonio e alguén daría a orde. Pero, sempre hai un pero, esquecéronse de informar aos veciños, existe unha asociación e, con DIÁLOGO, entre todos tomar unha decisión. ...

HISTORIAS DE P.M.O. (I)

Aquí comezan unha serie de relatos que me pasou un veciño de Ons para ver se poderían ser publicados. Eu díxenlle que non había problema e que sairían en Onstopus por partes. Aquí a primeira escrita por PMO:

Parte 1ª

Os relatos que se escriben aquí, son sacados dun libro do que todo o mundo fala, pero só unhas poucas mulleres illáns coñecen. O libro en cuestión. fala sobre os habitantes e os restos que foron deixando as civilizacións que pasaron pola Illa, dende a Prehistoria ata a actualidade.



De todos os relatos escritos deste libro chamoume a atención un que me deixou fascinado, pola forma con que está escrito, narrado e contado.

O relato está no primeiro tomo, páxina XCIX. Conta que na illa había unha serie de mulleres que protexían un misterioso libro, que sería do século IV d.C. Narra a historia dun barco fenicio que traía un corpo embalsamado dende o que hoxe sería Xerusalén e que se dirixía ao pobo de Iria Flavia.

Na súa ruta, pararon en varios pobos do sur de España e Portugal e tamén dalgún país africano. Relata, que ao chegar á altura das Cíes e Ons (Sicas – Aunios), comezou a levantarse norte. Por mor dese norte, que enseguida se transformou en temporal, tiveron que resgardarse en Ons (Aunios) ata que remitise.

Segundo describe, estiveron na Illa esperando dous días ata que afrouxou, co que puideron partir de novo cara ao seu destino.

O día que partiron, meteron todo a bordo, agás un vello e misterioso libro, que deixaron a unhas mulleres, as cales lles permitiran durmir na súa casa e lles deran comida.

Segundo conta o relato, ese libro quedou para sempre gardado e custodiado por cinco mulleres, que representan os cinco barrios que tiña daquela a Illa.

Ese famoso libro, aínda estará gardado e protexido, hoxe en día, polos descendentes desas mulleres valentes que en ningún momento dubidaron en prestar axuda a esa xente, acollelos e darlles alimento ata que partiron.

O libro dicía que esas mulleres tiñan moito carácter, como os homes, eran fortes e intelixentes e dominaban a curación por plantas e ungüentos feitos por elas. Eran quen de pescar, labrar. colleitar e coidar dos seus fillos e maridos. Non dubidaban en botarse unha man entre elas. Eran moi familiares e protectoras, non empregaban símbolos nin imaxes para orar, rezaban a un único Deus, ao que respectaban e rogaban ante el.

Das mulleres que protexían o libro, só había unha que o podía ler na lingua no que estaba escrito, pois tiña a misión máis fundamental que era lelo cando había algunha transición ou cambio, é dicir, cando era o paso dunha nai á súa primoxénita, pois durante xeracións foise pasando ás mulleres primoxénitas, non aos homes, xa que sempre foi e será custodiado por mulleres, e así sucesivamente ata hoxe en día. Esas mulleres tiñan que destacar en sabedoría e no coñecemento de plantas medicinais.







Boias da liña de balizamento da praia de Pragueira

Na foto da esquerda, ano de 2024. Era o mes de novembro e non viñeran a retirar as boias, co que, coas marusías acabaron, como poden ver, na praia, tanto as grandes como as pequenas de paso. O mesmo ocorreu no 2025. Non sabemos se ao concello de Sanxenxo ou a empresa, non lles importaba perdelas.

Este ano 2026, con moi bo criterio, xa viñeron retiralas a mediados de setembro, como poden ver nas fotos da dereita. Será cousa do concello de Sanxenxo, ou a empresa aprendeu?

CURIOSIDADES DE FIN DE VERÁN EN ONS



CONTOS DE TABERNA
Estes dous intrépidos piratas, achegáronse a Ons para visitar e tomar uns viños no famosísimo PUB "***CARRIMOUCO***", fronte á praia de Melide, pero foron interceptados por unha manda ou pod de Candorcas, que protexían ao famoso PUB de personaxes indesexables.
A plataforma ***Carrimoucana*** esta ben defendida.



E, falando de piratas, aquí temos á tripulación, ao completo, do Bar "**Pirata**" 2026

na Illa de Ons.

Como todos os anos, fixeron a foto de recordo.







GRUPO: PORTONOVO CANTA
O día 20 celebrábase en Portonovo o fin da "**Festa da Empanada Mariñeira**" e nós regresabamos de Ons despois dunha finde, cun sábado de "Xornada do Pescador".
Ao chegar da Illa tivemos tempo de saborear unhas racións de empanada de algas de Cangas e de Anguías de Arcade.
Como fin de festa, despois da entrega de premios ás mellores empanadas presentadas, tivemos a sorte de escoitar ao grupo Portonovo Canta, que nos deleitaron cunhas fermosas cancións mariñeiras vinculadas a Portonovo.



O famoseo chegou á Illa de Ons. ***Arriba***, Tinón non tivo inconveniente e fotografarse coa famosa presentadora de TVG, **Rocío Durán**. ***Abaixo*** tampouco Manolito tivo problema para facer o mesmo coa actriz e actor, **Marta Hazas e Javier Veiga.**

Páx. 3

INTERESANTE ACTIVIDADE QUE SE VÉN DESENVOLVENDO EN ONS DENDE HAI ANOS POLO GRUPO IBÉRICO DE ANELAMENTO



GRUPO IBÉRICO DE ANELAMENTO

Este grupo comenta: ***que as illas do Parque é un enclave de especial interese para o estudo da migracións das aves.***

De novo este setembro viñeron a Ons e, dende o Parque contan: ***.... que desenvolven actividades de seguimento da migración de paseriformes mediante técnicas de anelamento científico... obteñen información sobre as especies que visitan a illa, cando chegan, canto tempo permanecen...***

A nota do Parque remata dicindo que: ***Ciencia, voluntariado e conservación traballando xuntos para coñecer e protexer as nosas aves migratorias.***

Unha importante actividade que veñen realizando dende hai anos este Grupo Ibérico.





Pero de novo, teño que incidir na pouca habilidade dos xestores do Parque, pois, outro ano máis, non souberon aproveitar a estancia destes voluntarios-investigadores para, unha ***Xornada de Información Didáctica*** sobre o traballo que estes voluntarios están a desenvolver na Illa.

Non creo que repercuta negativamente no seu magnífico traballo se, programado polo Parque, un dos seus membros participara nunha sesión de información, dando unha charla sobre o traballo que están a desenvolver en Ons no Centro de Visitantes, con algún tipo de proxección e, despois, unha visita guiada, sen entorpecer o traballo dos voluntarios, ata o lugar de estudo para observar, durante o tempo prudencial que consideren, como desempeñan o seu labor de investigación.

Tampouco me cansarei de dicir, que no Parque, falta un ***Técnico Cultural Dinamizador*** que sexa quen de programar e organizar todo tipo de actividades, aínda máis, tendo as oportunidades na man, como esta do Grupo de Anelamento.

OUTRA OPORTUNIDADE CON FICBUEU *(24/09/2026)*

Así nos presentan a Residencia FicBueu en Ons no 2026: "**La Residencia FICBUEU es un programa formativo dedicado al tratamiento integral de cortometrajes en su etapa de desarrollo, en el que diferentes profesionales de prestigio acompañarán y tutorizarán personalmente cada proyecto. La residencia, que se desarrollará en la Isla de Ons, tendrá como principal objetivo de impulsar proyectos innovadores que destaquen por mostrar una visión autoral genuina, centrándose en el trabajo de guion y la concepción inicial de los proyectos desde el punto de vista de la dirección. A través de diferentes encuentros y formaciones específicas, la residencia adopta un carácter multidisciplinar que fomenta el aprendizaje transversal y posibilita nuevas vías de acceso a la producción**".

Vai pola súa 4ª edición e terá lugar na Illa de Ons do 13 ao 19 de outubro e pronto anunciarán os proxectos seleccionados.

Podería ser interesante que, entre as bases, houbera algunha creación que tivera a Ons como protagonista nas curtametraxes, sería un xeito de potenciar tamén o espazo natural onde se celebraron dende a súa fundación estes programas de formación de novos talentos que contan cunha titoría especial.

De aí que, dende Parques, poderían animar aos organizadores a dúas cousas interesantes a levar a cabo en Ons:

1ª.- Que algunha das curtametraxes a desenvolver, tivera a Ons como protagonista.

2ª.- Que algún dos organizadores e mesmo a/o titora/or dera unha pequena charla no C. Visitantes sobre este interesante Proxecto.





Desenvolvemento do Programa noutras edicións.
Fotos: FicBueu

OS CAMIÑOS DA ILLA DE ONS (I)

Cando no ano1975 cheguei a Ons, había tres camiños principais de anchura media: O que dende o barrio de Curro ía cara aos de Canexol e Pereiró. O que, dende o peirao ía ata o Faro. E o que dende o barrio de Cucorno, a uns 200 m. antes de chegar ao Faro, ía cara a Melide. Eran camiños ou pistas de terra, area e pequenas pedras batidas que formaban un bloque compacto e forte.

Logo había corredoiras ou camiños de carro que levaban ás diferentes fincas, e moitos sendeiros e atallos que levaban as zonas de cultivo, cantís, praias,...

Os camiños principais deberon sufrir algún cambio, gañando anchura, dende os anos 60 en que Colonización se fixo cargo da administración da Illa e xa, en anos posteriores, décadas dos 80 e 90, con diferentes administracións xestoras e nun momento en que moitos aunienses deshabitaran as súas vivendas, temporalmente, pola falla dun peirao de abrigo para a nova flota, abriron ao longo de toda a Illa un bo número de pistas dun ancho considerable, en comparación aos camiños existentes, co fin de crear rutas turísticas e, sobre todo, cortalumes. ***Continuará...***





Esquerda: Foto de Stafant Mörling do barrio de Pereiró e o seu camiño na década de 1960.
Dereita: Foto do mesmo barrio, co seu camiño, na década do 2000.

AS RODEIRAS (I)

A partir de 1980 o Icona fai desaparecer a figura do Alcalde Pedáneo e un Garda Forestal pasa a ocupar as funcións que este desenvolvía. Á vez comezan a aparecer na illa outros medios de transporte que substitúen ao carro de vacas e ao de man, como pequenos tractores (*chimpíns*), outros máis grandes que axudan nas faenas agrícolas e transporte de mercadorías aos negocios, campamentos e Faro e tractores máis compactos e maquinaría diversa para a administración.

A aparición e uso destes medios de transporte na illa, vai provocar un deterioro importante dos camiños, o que obriga a buscar algunha solución. Comezaron por aqueles que eran máis empregados por estes medios e nos que ía notándose o seu desgaste e empeoramento do seu anterior firme.


Contan, que por idea do primeiro Garda Forestal, a administración, pola década de 1980, decidiu, con moi bo criterio, a construción dunhas ***rodeiras*** no camiño máis transitado que era o que ía de Curro a Pereiró. É de supoñer que a empresa ou os operarios que viñeron a realizalas, tomarían boa nota do ancho dos diferentes vehículos que transitaban por esa pista, para así poñelas á distancia idónea.

A idea foi todo un éxito, pois era un xeito de vía que compaxinaba ben co medio, xa que, a ambos lados e polo medio das rodeiras quedaba un franxa de terra na que, cos coidados suficientes, podería nacer herba, quedando así estes carrís de pedra ou cemento, adaptados ao medio natural e evitando o deterioro do camiño.

Non sei por que razón, esa primeira obra só chegou ata, o que podemos chamar, a fronteira entre o barrio de Canexol e Pereiro, entre as casas nº 82 e 84, onde viven Arturo Goberna e Cesáreo Pérez, vivendas que están situadas máis preto do camiño.

Supoño que foi debido a un tema económico daquel momento, pero pasaron os anos e non seguiron coa súa construción, ata o barrio de Pereiró como era a idea inicial, o que provocou, aínda que todos os anos veciños e asociacións solicitaban o remate destas rodeiras debido ao mal estado do camiño que quedou sen elas, que non lle deron remate ata o ano 2025, catro décadas despois!!! ***Continuará...***





Arriba: ***Vemos como a herba fai conxunto ambiental coas rodeiras***.
Abaixo: ***Lugar de Pereiró, onde remataban as rodeiras.***





NOVA ARDENTÍA

Hai uns meses que veu a luz o nº 16 da revista Nova Ardentía.

Dende **PineirÓns**, temos que agradecerlle ao equipo de redacción, que nos dedicaran un espazo para despedir á revista ***AUNIOS*** que neste próxima mes de maio, 2027, dará os seus últimos folgos.

Á vez saudar a todos os colaboradores que a fan posible, nun amplo sumario de Cultura Marítima e Fluvial, entre os que están articulistas que tamén son puntos importantes en AUNIOS como: Emilio Insua, Antón Mascato, Lino J. Pazos, Eduardo e Manuel Parada, Manuel Lara (que neste último número de Aunios únese como colaborador) e Arturo Sánchez Cidrás que no seu traballo "*Arredor da pesca de cordel. Bueu como referencia*", fala da Illa de Ons.

Moitas anos de vida a esta magnífica revista.

Derradeiras travesías para a revista "Aunios"

En setembro de 2025, o presidente da Asociación PiñeirOns e coordinador da revista *Aunios*, Celestino Pardellas de Blas (Tino), enviou unha carta á nutrida comunidade de persoas colaboradoras habituais da publicación para anunciar que "decidimos que *AUNIOS*, polas posibilidades que temos nestes intres, dure dous anos máis: nº 31 (2026) e nº 32 (2027) e que haxa a posibilidade dun número especial, sen artigos, dedicado ao traballo realizado por PiñeirÓns ao longo da súa existencia, nº 33 (2028), que coincidirá coa celebración dos 30 anos da Asociación". Botada a andar en marzo de 1999, a veterana revista está a realizar, pois, as derradeiras travesías, deixando pola popa un riquísimo catálogo de artigos de moi variada autoría nos que se abordaron múltiples aspectos da historia e da cultura marítima da illa de Ons, das localidades de O Grove, Marín e Bueu e das rías de Arousa e Pontevedra. Todo ese tesouro está accesíbel na rede en https://viladebueu.eu/Revistas/Aunios/aunios.htm. Desde estas liñas non cabe senón agradecer de todo corazón e darlle os parabéns ao equipo humano de *Aunios* por tantos anos de esforzo altruísta e de entusiasmo a prol da divulgación da nosa cultura.





INTERESANTE ACTIVIDADE

Isto si é desestacionalizar, crear unha actividade saudable, visitas guiadas pola illa, supoño que haberá temática gastronómica auniense,...

Esperemos que durante este outono-inverno, se o tempo e o estado do mar o permite, o Parque organice Xornadas e visitas guiadas especializadas nos distintos campos que pode ofertar Ons: micoloxía, arqueoloxía, observación ornitolóxica, de flora, arbórea,...

Aproveitar a presenza de aunienses para tratar temas etnográficos,...

AS INSTALACIÓNS MILITARES DE CABO SILLEIRO

https://www.farodevigo.es/comarcas/val-minor/2026/09/29/antiguo-militar-impulsa-campana-recuperar-cuartel-cabo-silleiro-baiona-134775569.html Lía esta nova e chamoume a atención, xa que levo/amos solicitando, dende hai máis de 33 anos (antes de que comezara o Camiño Portugués pola Costa), que había que poñer en valor a ***Ruta Xacobea Marítima*** dende a Garda ata Pontecesures.

Á vez, valoramos, unha Ruta simultánea á de navegación, camiñando pola costa paralela ao mar, dende a Garda, pero visitando, obrigatoriamente, as illas atlánticas (Cíes, Ons, Sálvora, Rúa, Arousa e Cortegada), á que puxemos o nome de ***RUTA XACOBEA MARÍTIMA DAS ILLAS CASSITÉRIDES***, e que conectaría coas Rutas do Padre Sarmiento, de Valle Inclán, a Marítima remontando o Ulla e enlazando ao final coa Portuguesa. Saíu publicado na revista cultural AUNIOS dende 1999, antes en notas de prensa e, dende logo, en Onstopus, onde pediamos que as instalacións militares de Cabo Silleiro, se converteran nun Albergue de Peregrinos e espazo cultural... Trinta e tres anos e nada, como non se lle ocorreu a ningún político, pois así quedará, aínda que, o tempo daranos a razón.



As ruinosas instalacións militares de Cabo Silleiro no ano 2004. Como estarán agora?

REMATA A TEMPADA TURÍSTICA EN ONS

TURISMO. TURISTA

Sigo sen entender esa animadversión cara ao turista, cando todos, ***absolutamente todos***, somos turistas ou visitantes, dende o momento que nos movemos do noso lugar de residencia habitual para ir, por ***lecer***, a calquera outro lugar.

Á vez, temos que pensar, sobre todo os que teñen a sorte de ter un traballo, que os ***recesos vacacionais*** son os mesmos para case todo o mundo: fins de semana, pontes e vacacións no noso traballo que, casualmente a maioría, son en xullo e agosto.

Isto provoca, sempre que a economía o permita, unha saída masiva do noso lugar de residencia cara a outros puntos da xeografía próxima ou máis afastada, segundo as nosas preferencias e, loxicamente, imos a coincidir con outras persoas que elixiron ese lugar.

Por que ese ***turismo fobia***, se todos somos partícipes e formamos parte das masificacións?

Pois quen diga que non, minte. De aí que, neses intres vacacionais haxa, nalgúns lugares, digamos Parque Nacional das Illas Atlánticas, unha "saturación" lóxica no verán, o único que hai que pedir ao visitante e ***SABER COMPORTARSE*** no lugar ou espazo que elixiu para visitar ou estar.

Quizais aí estea o difícil, porque para iso hai que posuír unha boa **EDUCACIÓN**, que ten que vir dende a familia e ir madurándoa dende a nosa tenra infancia e que, as administracións impoñan unhas **NORMAS** a seguir, e promover o seu **CUMPRIMENTO**.



TODOS GOZAMOS DAS VACACIÓNS

Temos dereito a un tempo de vacacións no noso traballo, e todos intentamos aproveitalo o máis posible. Nese tempo de lecer, onde esteamos, atopamos a persoas de todo tipo: políticos, médicos, mestres, estudantes, obreiros, campesiños,..., mariñeiros, funcionarios,..., e todos queren divertirse, nese merecido descanso.

De novo dicir, que só hai que saber comportarse.

EN SETEMBRO, REMATA A TEMPADA TURÍSTICA DE VERÁN NA ILLA DE ONS

Si, aínda que un bo número dos que pasan os meses de verán en Ons fano por traballo, investigación, gastronomía, coñecer a súa cultura e paisaxe,…, e participar nas actividades que organiza o Parque e as navieiras, a maioría fano por visitar unha illa pertencente a un Parque Nacional.

Coido que o ambiente que hoxe en día se respira en Ons, é fantástico e moi respectuoso co medio e, como xa dixen, atopamos a todo tipo de persoas coas súas diferentes profesións con ganas de aprender e pasalo ben.

Cando o verán chega ao seu fin, dúas son as celebracións polas que o sabemos: O peche do Bar Pirata e a Xornada do Pescador.

O **Pirata**, pecha a tempada a mediados do mes de setembro e, como non podía ser doutra maneira, faino agasallando aos seu amigos e clientes cunha xornada festivo-gastronómica onde non falta a música, este ano co grupo meco **@deviño**.

Dende a década de 1980, o Bar Lonxa de Portonovo, organizaba en Ons unha despedida do verán xunto aos seus empregados, clientes, veciños de Ons e amigos.

Facíano en Ons, porque os mariñeiros desta Illa eran clientes asiduos nas longas noites de inverno cando ían á poxa a Portonovo e de aí naceu unha grande amizade.

Cando por desgraza faleceu o Sr. Vilas, organizador do evento, colleu a testemuña Alex, propietario dos Bares-Resturantes en Portonovo: ***Pepa da Loba e o Pescador***, e dende hai 6 anos a Xornada festiva chámase **Festa do Pescador**, coa mesma organización que facía a Lonxa.

PARABÉNS e GRAZAS ao Pirata e ao Pescador.







Arriba actuación no Pirata do grupo "@de viño"
Abaixo dous intres da xornada do Pescador

XORNADA FESTIVA DO “PESCADOR”. Ons 2026
































APATRIGAL (*Asociación para a defensa do Patrimonio Cultural Galego*). Despois da polémica nos medios polo tema das obras que está levando a cabo a Xunta no barrio de Curro baixo (Ons), Apatrigal sacou en Facebook esta interesante nota.

Asociación para a defensa do Patrimonio Cultural Galego

AS ILLAS ATLÁNTICAS NON SON UN PARQUE TEMÁTICO

Hai algo que deberiamos preguntarnos cando falamos de conservación da natureza e de protección dos espazos naturais: que queremos conservar realmente?

Queremos conservar unicamente unha determinada paisaxe, unhas praias, uns cantís, unha vexetación e uns itinerarios para que poidan ser contemplados polos visitantes? Ou queremos conservar tamén a cultura, os usos, as formas de vida e as comunidades humanas que durante séculos construíron esas paisaxes?

A pregunta é especialmente pertinente no Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.

As Illas Atlánticas non son territorios virxes nos que a natureza evolucionase á marxe da presenza humana. Son tamén paisaxes culturais, profundamente transformadas e modeladas ao longo de xeracións polos seus habitantes. A agricultura, a gandaría, a pesca, os camiños, os muros, as casas, os hórreos, as pequenas parcelas de cultivo e as formas tradicionais de aproveitamento da terra forman parte inseparable da identidade destas illas.

Por iso debemos preguntarnos:

Pode conservarse unha paisaxe cultural se desaparece progresivamente a comunidade que a creou e a mantivo?

A experiencia de moitos territorios rurais e insulares debería facernos reflexionar. Cando as persoas deixan de vivir nun territorio, cando xa non se cultivan as terras, cando desaparecen os animais, cando se abandonan os camiños tradicionais, cando deixan de utilizarse os muros, as fontes, os lavadoiros e as construcións vinculadas á vida cotiá, non desaparece simplemente unha actividade económica.

- Desaparece unha parte da estrutura cultural da paisaxe.
- Porque unha paisaxe non é só aquilo que vemos.
- É tamén aquilo que sabemos facer nela.

É a maneira de traballar a terra, de construír unha casa, de levantar un muro, de manter un camiño, de aproveitar a auga, de pescar, de coidar o monte e de transmitir os coñecementos dunha xeración á seguinte.

Por iso debemos ter coidado de non confundir conservación con musealización.

Un territorio pode estar perfectamente conservado desde o punto de vista administrativo e, ao mesmo tempo, estar perdendo a súa identidade. Pode ter os camiños limpos, os accesos acondicionados, as praias ordenadas, os miradoiros preparados e os itinerarios perfectamente sinalizados e, con todo, estar desaparecendo aquilo que o convertía nun lugar único: a súa comunidade humana e a súa relación histórica co territorio.

E aquí aparece o que poderiamos denominar unha forma de xentrificación territorial. Non exactamente a mesma xentrificación que coñecemos nas cidades, pero si un proceso no que un territorio que foi construído, habitado e traballado durante xeracións vai deixando de estar pensado fundamentalmente para quen o habita e pasa a organizarse cada vez máis para quen o visita.

Primeiro desaparecen ou dificúltanse determinados usos tradicionais.

Despois, vivir no territorio faise máis complicado.

A actividade económica tradicional deixa de ser viable.

A poboación diminúe.

E, paralelamente, medran os usos recreativos e turísticos, as infraestruturas destinadas ao visitante e a consideración do territorio como un lugar de consumo de natureza e paisaxe.

O resultado pode ser unha situación paradoxal: conservamos o escenario e perdemos os actores.

Non estamos defendendo que as Illas Atlánticas non deban estar protexidas. Todo o contrario.

Estamos defendendo que deben estar protexidas na súa integridade: a natureza, si, pero tamén a cultura; a biodiversidade, si, pero tamén a memoria; as praias e os cantís, si, pero tamén as casas, os camiños, os cultivos, os usos tradicionais e, sobre todo, as persoas que teñen unha relación histórica con estas illas.

A protección ambiental non debería converterse nunha razón para facer inviable a vida tradicional.

E o turismo tampouco debería converterse no substituto da vida.

Porque unhas illas non poden converterse nun produto turístico perfectamente acondicionado para ser contemplado por persoas que chegan de fóra mentres resulta cada vez máis difícil para as familias que sempre viviron nelas continuar mantendo a súa relación co territorio.

As Illas Atlánticas non foron creadas polo turismo.

O turismo chegou porque estas illas xa existían.

Existían comunidades, culturas, paisaxes e formas de vida que fixeron destes territorios os lugares singulares que hoxe todos queremos coñecer e protexer.

Por iso, cando se realizan novas actuacións de acondicionamento ou se transforman espazos tradicionais, a pregunta que debemos facer non é simplemente se a obra é bonita, útil ou cómoda para o visitante.

A pregunta fundamental debería ser:

¿Esta actuación axuda a que as Illas Atlánticas sigan sendo territorios vivos ou contribúe a convertelas en escenarios para visitantes?

Porque non todo o que se fai en nome da conservación conserva necesariamente o patrimonio.

E non todo o que se fai para facilitar o acceso ou o uso público mellora necesariamente a identidade dun lugar.

Ás veces, conservar significa permitir que as persoas sigan vivindo, traballando e coidando o territorio como o fixeron as xeracións anteriores.

Hai unha idea que deberiamos ter moi presente:

Non hai paisaxe cultural sen cultura que a manteña.

E tampouco hai patrimonio vivo se as persoas que o herdaron xa non poden transmitilo.

Por iso a defensa das Illas Atlánticas non debería limitarse a defender unha praia, unha especie vexetal, un camiño ou unha paisaxe.

Debe defender tamén o dereito das comunidades históricas a seguir formando parte delas.

Porque unhas Illas Atlánticas sen habitantes poden seguir sendo fermosas.

Poden seguir recibindo milleiros de visitantes.

Poden seguir aparecendo nas fotografías e nas redes sociais.

Poden seguir sendo un extraordinario destino turístico.

Pero se algún día desaparece a vida que durante séculos construíu a súa identidade, teremos que preguntarnos se realmente conservamos as Illas Atlánticas...

ou se simplemente conservamos a súa imaxe.

AS ILLAS ATLÁNTICAS NON SON UN PARQUE TEMÁTICO.

SON TERRITORIOS VIVOS.

E se queremos que sigan sendo patrimonio, temos que conseguir que sigan tendo natureza, memoria e xente.

https://www.facebook.com/apatrigal?__cft__[0]=AZgX0SMUKuMiLExkJ7QriESPvwG-trE5pPUOlyCDtC64fiJ5gAI3e1sJJh1uRl_FyYf8D6oHBZSNx9zN_8gwhZ00tVAAQATjIPkaJ2d7k9U4X0Z00fDzOxpGYGveJsw3IWj3EFT-OPLgi94SkYid-MrxjPhRUxU3pe3e9TtN4_vtx8jpRJixHgXsqHA&__tn__=-UC%2CP-R